

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de xaneiro de 2019**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Pablo Pérez Pérez	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 16 de xaneiro de 2019 , ás 18.00 horas, baixo a presidencia de D. Pablo Pérez Pérez, e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
DEPUTADOS/AS:	
D. Plácido Álvarez Dobaño	
D. José Antonio Feijoo Alonso	
D. Antonio Montero Fernández	
D. Miguel A. Cid Álvarez	
D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas	
D. Adolfo González Nóvoa	
D. José Ignacio Gómez Pérez	
D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez	
D. Armando Ojea Bouzo	
D. Ramiro Rodríguez Suárez	
SECRETARIO:	
D. Francisco Cacharro Gosende	
INTERVENTORA ACCTAL:	
D. ^a Begoña Álvarez Matos	

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 12 de decembro de 2018, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- RATIFICACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAL E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E

PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS (GES).

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Ratificar a subscrición do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincial e as deputacións provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES).

2º.- Autorizar expresamente a distribución das anualidades de gasto correspondentes á Deputación Provincial conforme co establecido no dito convenio.

3º.- Establecer que o libramento dos fondos se realice a favor dos concellos que sexan sede ou subse de dos grupos de emerxencia supramunicipais ou aos servizos municipais, conforme co establecido no dito convenio.

A xustificación dos fondos levarase a cabo conforme coas mesmas previsións establecidas para a xustificación dos fondos achegados pola Xunta de Galicia no anexo VI do mencionado convenio.

3º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A SITUACIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA.-

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións e co voto favorable do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (3) e de Democracia Ourensana (1) a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Que a Deputación Provincial de Ourense aprobe unhas bases e criterios para o establecemento de convenios de colaboración entre esta e as distintas entidades locais da provincia para cooperar na realización de prevención de riscos laborais, tanto na realización da avaliación como na planificación da actividades preventiva e na constitución de servizos preventivos mancomunados, facendo un

baremo de atención no que se prioricen a aquelas entidades de menor poboación e con medios económicos máis reducidos.

4º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á PARALIZACIÓN DO NOVO PROXECTO DE ESTACIÓN DO AVE A OURENSE, RECUPERANDO NO SEU LUGAR O PROXECTO GAÑADOR DO CONCURSO DE 2011 “AS BURGAS 11.11.11”.-

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (1), o voto en contra do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1).

5º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O REPARTO CON CRITERIOS OBXECTIVOS E CONVOCATORIA PÚBLICA DE FONDOS PARA OS CONCELLOS CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA DO ANO 2019.-

D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (3), o voto en contra do Grupo Popular (6) e a abstención de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1).

6º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Por unanimidade apróbase a urxencia e trátanse os seguintes asuntos:

6ºA.- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN RELATIVO Á OBRA DE ACONDICIONAMENTO DA RÚA CASANOVA, 2º TRAMO, NO MUNICIPIO DE LEIRO

O Sr. secretario dá conta do contido da proposta.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, pregunta cal é o motivo da urxencia deste asunto.

O **presidente da comisión** di que supón que se trata dun tema burocrático.

O **Sr. secretario** explica que o expediente chegou da Sección de Expropiacións con posterioridade á convocatoria da comisión e desde a dita sección pedíronlle ao presidente da comisión que se tramitase por urxencia, para non demorar un mes as actuacións no expediente.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, di que entende e comparte as razóns dadas, pero lembra que na comisión do mes pasado se lle denegou ao grupo do BNG o tratamento dun asunto por presentalo fóra de prazo, despois dunha ponte e pide que se teña a mesma flexibilidade e xenerosidade en todos os casos.

O **presidente da comisión** cre que hai que distinguir entre moción de carácter político e propostas do grupo de goberno, que como esta teñen un carácter eminentemente técnico; con respecto á moción do BNG xa se explicou no pleno anterior o motivo polo que non se tratou e engade que ademais, en casos nos que se xustificou adecuadamente, o Grupo Popular neste mandato votou a favor da urxencia de mocións presentadas pola oposición.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

- Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación relativo á obra de acondicionamento da rúa Casanova, 2º tramo, no municipio de Leiro, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes (1 mes), de conformidade coa lexislación vixente.

6ºB.- AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A ADHESIÓN AO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE PARA O EJERCICIO 2019.-

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, di que está de acordo coa proposta, pero quere saber cantos concellos do PP quedarían fóra do programa por non solicitalo en prazo e lembra que o ano pasado o seu concello, Amoeiro, foi excluído do

BenOurense SAF por adherirse fóra de prazo, por uns días, debido a un problema informático. Ten a sensación de que non se está aplicando o mesmo criterio en todos os casos, o que xera malestar.

O **presidente da comisión** pregunta se no caso do SAF de Amoeiro o que se presentou fóra de prazo foi a adhesión ou a xustificación.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, responde que foi a adhesión.

O **presidente da comisión** explica que estas prórrogas se acordaron porque no caso do programa de empregabilidade o solicita un concello que non é do PP, e considerouse oportuno que se se acordaba a prórroga se aplicase para os tres programas. A orixe destas propostas por tanto é unha solución a un concello que non está gobernado polo Partido Popular.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que esta prórroga tamén se fixo no seu momento no plan provincial e a maioría dos concellos afectados non eran do PP.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, di que está de acordo co que lle din, pero o ano pasado excluíron a Amoeiro do SAF e esa rixidez está fóra de lugar, cando non había motivos para iso, ao tratarse dun procedemento non competitivo e máxime tratándose dunha cantidade que ía dirixida ao servizo de axuda no fogar, para xente que o necesita.

Non se producen máis intervención, e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Concederlles un prazo, adicional, ata o 15 de febreiro de 2019, aos concellos que non presentaron as solicitudes de adhesión ao Programa de cooperación cos concellos e a Entidade Local Menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2019, co fin de que poidan achegar as súas solicitudes.

6ºC.- AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A ADHESIÓN Ó PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E A ENTIDADE

LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE MOCIDADE PARA O EXERCICIO 2019.-

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

Non se producen intervención, e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Concederlles un prazo, adicional, ata o 15 de febreiro de 2019, aos concellos que non presentaron as solicitudes de adhesión ao Programa de cooperación cos concellos e a Entidade Local Menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2019, co fin de que poidan achegar as súas solicitudes.

6ºD.- AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A ADHESIÓN Ó PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E MANCOMUNIDADES PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE LIMPEZA DAS MARXES DAS REDES VIARIAS MUNICIPAL E PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2019.-

O Sr. secretario dá conta do contido da proposta.

Non se producen intervención, e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Concederlles un prazo, adicional, ata o 15 de febreiro de 2019, aos concellos e mancomunidades que non presentaron as solicitudes de adhesión ao Programa provincial de cooperación cos concellos e mancomunidades para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial no exercicio 2019, co fin de que poidan achegar as súas solicitudes.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, formula un rogo en nome dos alcaldes que dispoñen dun GES para que, en primeiro lugar, se emita un informe polos servizos xurídicos da Deputación sobre o réxime xurídico laboral do persoal dos

GES, á vista do novo convenio; e, en segundo lugar, para que se realice unha convocatoria aos alcaldes para consensuar criterios á hora de desenvolver este convenio.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, mostra o seu apoio á proposta e expresa a súa opinión de que debe dársele estabilidade ao persoal dos GES.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, pide que se invite á reunión solicitada aos portavoces de todos os grupos, manifestando o Sr. Álvarez Dobaño que pola súa parte non hai ningún problema en que se acepte esta solicitude.

E, ás 18.130 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.